

ARTHUR C. CLARKE

Cita con Rama

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

1. Vixilancia espacial

Antes ou despois, tiña que pasar. O 30 de xuño de 1908 Moscova escapaba da destrución por tres horas e catro mil quilómetros, unha marxe invisiblemente pequena para os estándares do universo. O 12 de febreiro de 1947, outra cidade rusa volvía escapar da fatalidade, desta vez cunha marxe aínda máis estreita, ao caer o segundo gran meteorito do século XX a menos de catrocentos quilómetros de Vladivostok e orixinar unha explosión de similar magnitude á da bomba de uranio acabada de crear.

Daquela non había nada que o ser humano puidese facer para se protexer do azaroso bombardeo cósmico cuxas descargas outrora deran o seu feitío á cara da Lúa. Os meteoritos de 1908 e 1947 caeran sobre zonas sen rastro coñecido de vida humana, certo; mais contra finais do século XX, non quedaba xa rexión da Terra que estivese a salvo da práctica do tiro ao branco celestial: a raza humana estendérase de polo a polo. E nesas segue, inevitabilmente...

Ás 9:46 GMT da mañá do 11 de setembro, no transcurso do excepcionalmente fermoso verán de 2077, a meirande parte dos habitantes de Europa puideron contemplar na vertente oriental do firmamento unha fulxente bóla ígnea. En cuestión de segundos, tornouse máis brillante ca o mesmo Sol, e a medida que avanzaba polo ceo

–inicialmente en completo silencio– deixaba tras dela un ronsel de po e de fume.

Nalgún lugar do ceo de Austria comezou a se desintegrar. Produciu unha serie de violentas detonacións; tan grandes foron estas explosións, que máis dun millón de persoas tiveron problemas de oído de por vida. Foron estas persoas as que se podían considerar afortunadas.

A bóla de fogo desprazábase a unha velocidade de cincuenta quilómetros por segundo até que mil toneladas de rocha e metal bateron contra as chairas do norte de Italia e destruíron en poucos e ardentes segundos o labor de séculos. As cidades de Padova e Verona foron varridas da face da Terra, e as últimas glorias venecianas afundiron para sempre no Adriático, entre a axitación e o estrondo das augas que provocaran aquel tremendo golpe de martelo chegado do espazo.

Seiscentas mil persoas perderon a vida, e o custo económico total cifrouse en máis dun trillón de dólares. Amais, a perda que supuxo para a arte, para a historia, para a ciencia... para a raza humana, polo resto da súa existencia, era sinxelamente incalculable. Viña a ser algo así coma se unha gran guerra fose librada e perdida ao longo dunha única mañá. Poucos atoparon consolo no feito de que, namentres a voaxa da destrución se depositaba lentamente sobre a superficie, durante meses o mundo enteiro presenciara os máis espectaculares amenceres e postas de sol dende o tempo do Krakatoa.

Logo do estupor inicial, a humanidade reaccionou cun grao de determinación e unidade que nunca antes na historia se dera. Chegouse á conclusión de que un desastre de tales dimensións se cadra podía non repetirse en mil anos, mais cabía tamén a posibilidade de que sucedese mañá mesmo. E nesa hipotética próxima vez, as consecuencias podían ser mesmo peores.

